# ADDENDA AO P.A.T.

C.E.I.P. PLURILINGÜE PONTE DO PORTO

(Camariñas)

**MAIO 2023**

## 0.- ÍNDICE:

1.- XUSTIFICACIÓN
2.- CONCRECIÓN DE NOVAS ACTUACIÓNS PUNTO POR PUNTO

## 1.- XUSTIFICACIÓN:

A presente addenda elabórase tendo en conta as novas aportacións facilitados polos distintos órganos de coordinación docente do centro, especialmente as aportadas polos titores tanto da etapa de educación infantil como os da etapa de educación primaria. O carácter flexible que ten que ter todo Plan de Acción Titorial chama a unha mellora continua das acción establecidas no mesmo, con fin último, de mellorar a calidade educativo e dar resposta ao Proxecto Educativo do centro.

## 1.- CONCRECIÓN DE NOVAS ACTUACIÓNS AÑADIDAS EN CADA:

Punto 7.1. do PAT: **<u>Actividades de acollida e integración do alumnado:</u>**

| ACTIVIDADES | TEMPORALIDADE |
|---|---|
| ✓ *Reunión coas familias do grupo-aula antes do comezo das clases para dar información sobre: os horarios, as normas da aula, o listado de materiais, as autorizacións de imaxe e a política de protección de datos, o Abalar como medio de comunicación, horario de titorías e obriga de tomar acta, a atención da diversidade na aula, a colaboración das familias nas dinámicas educativas do centro, normas de convivencia e documentos importantes do centro, web do centro, merendas saudables, emprego do comedor, da ludoteca e da biblioteca, e toda nova información que poida ser preciso comunicar neste momento.* | Mes de Setembro |
| ✓ Entrevista inicial individual coas familias para completar a información da carpeta de titoría. *Levantar acta asinada.* | Entre Setembro e Outubro |

Punto 7.2. do PAT: **<u>Actividades para mellorar as relacións coas familias:</u>**

| OBXECTIVOS | |
|---|---|
| ∞ *Informar en todo momento das medidas de atención á diversidade que se leven a cabo cos seus fillos/as, tanto as ordinarias como as extraordinarias (neste caso, con autorización asinada).* | |
| **ACTIVIDADES** | **TEMPORALIDADE** |
| ✓ *Reunión xeral e conxunta con todas as familias antes de comezar o curso.* | Setembro-Outubro |

| | |
|---|---|
| ✓ *Entrevista individual coas familias, previa cita, mínimo no primeiro trimestre, ainda que procurarase ter titorías trimestrais. Levantarase acta da mesma, asinada por tódolos asistentes, cos temas tratados e coas propostas de acordo tomadas.*<br>✓ *No caso de alumnado NEAE que reciba apoio por parte de especialistas en PT e/ou AL, estes estarán presentes nas titorías que se leven a cabo para intercambiar información coas familias.*<br>✓ *Titorías con profesionais externos ao centro que den apoio educativo ao alumno/a. As familias asinarán a autorización de intercambio de información con servizos externos. Este intercambio de información levarase a cabo sempre coa presenza dun membro da familia e levantando a acta pertinente.* | Luns pola tarde de 16:00 a 17:00 h. |

Punto 7.3. do PAT: **Actividades de atención ás necesidades educativas do alumnado:**

| OBXECTIVOS | |
|---|---|
| ∞ Colaborar con outros servizos, institucións ou asociacións cando sexa preciso e con autorización da familia en caso de ser centros privados que atendan a determinado alumnado. *O intercambio de información con estes servizos externos levarase a cabo sempre coa presenza dun membro da familia e levantarase acta do tratado.* | |
| **ACTUACIÓNS** | **RESPONSABLES** |
| *8.- Informar sobre o alumnado inscrito no programa de Alerta Escolar e dos protocolos a seguir.* | Equipo de ciclo<br>Titores/as<br>Equipo directivo<br>Orientadora |
| **ACTIVIDADES** | **TEMPORALIDADE** |
| ✓ *Reunións para tratar a evolución do alumnado NEE con todo o equipo docente, a xefatura de estudios e a xefatura do departamento de orientación, así como as especialistas de PT e AL que den apoio a ese alumnado.* | Trimestrais<br>Mensuais |
| ✓ *Informe dos mestres especialistas en PT e AL que den apoio ao alumnado NEAE* | Xuño |

Punto 7.5.- do PAT: **Actividades para a coordinación do profesorado diante da función titorial:**

| ACTUACIÓNS | RESPONSABLES |
|---|---|
| ✓ *Reunións para valorar a evolución do alumnado NEAE da aula previa á sesión de avaliación final.* | Titores/as<br>Equipos de ciclo<br>Orientación<br>Equipo directivo |

Punto 8.1. do PAT: **Actuacións comúns en tódolos ciclos:**

- *Informarse sobre o alumnado inscrito en Alerta Escolar no centro, e de cales son os protocolos de actuación.*
- *Xornadas de portas abertas para alumnado procedente dos centros adscritos: EEI de Carnés e CEIP de Camelle. Levarase a cabo ó longo do mes de xuño anterior ao curso de incorporación.*
- Controlar e informar sobre as incidencias relacionadas coa puntualidade, absentismo..., á xefatura de estudos *en tempo e forma, é dicir, ao superarse o 10% de faltas sen xustificar nun período dun mes.*
- *Organizar, como mínimo, unha saída conxunta do grupo ao finalizar o curso académico, tratando de favorecer a cohesión grupal, a práctica de deporte, a inquedanza cultural…. Como fontes de interese e diversión. Tamén como despedida e peche do curso, dentro do horario lectivo.*
- *Levar a cabo reunión coas familias previo o comezo das clases.*
- *Levar a cabo a lo menos unha titoría individual con tódalas familias ó longo do primeiro trimestre.*
- *Informar das medidas de atención á diversidade levadas a cabo co alumnado ás súas familias, tanto as ordinarias como as extraordinarias (estas últimas requiren autorización da familia).*
- *Establecer unha sesión á semana de traballo e/ou visita á biblioteca do centro, organizando actividades seguindo o Plan Lector Anual do centro.*

Punto 8.2.- do PAT: **Actuacións no 2º ciclo de educación infantil:**

✓ *Organizar un acto de graduación ao finalizar o curso co grupo de 6º de infantil no mes de Xuño.*

Punto 8.5.- do PAT: **Actuacións no 3º ciclo de educación primaria:**

✓ *Organizar un acto de graduación ao finalizar o curso co grupo de 6º de primaria no mes de Xuño.*

Punto 9.- do PAT: **CONTRIBUCIÓN DO DEP. DE ORIENTACIÓN Á REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DO P.A.T.:**

| **ACTUACIÓNS** |
|---|
| ✓ *Reunión previa a sesión de avaliación de fin de curso, co equipo docente que atende ao alumnado con NEE, para valorar a evolución ó longo do ano. Estarán presentes: titor/a, mestres especialistas, PT e/ou AL que den apoio, xefa de estudios e xefa do departamento de orientación.* |
| **ACTIVIDADES** |
| • *Reunións de coordinación cos centros adscritos: EEI de Carnés (Vimianzo), CEIP de Camelle (Camariñas), e IES Plurilingüe Pedra da Aguia (Ponte do Porto-Camariñas).* |

C.E.I.P. PLURILINGÜE PONTE DO PORTO
MAIO 2023